Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto: SELECCIÓN DE DEZASETE (17) TRABALLADORES/AS CON CARGO AO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2014**

No BOP nº 100, do 27 de maio de 2014 a Deputación Provincial de Pontevedra publicou as Bases Reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2014.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial do 4 de xuño de 2014 concedeuse ao concello de Vilanova de Arousa unha subvención para contratar aos seguintes traballadores/as con con cargo ao dito Plan.

| CATEGORÍA PROFESIONAL | NÚMERO | GRUPO |
|---|---|---|
| PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS | 11 | E |
| CONSERXES | 3 | E |
| PEÓN-CANTEIRA | 1 | E |
| AXUDANTE DE FONTANEIRO | 1 | E |
| CONDUTOR-OPERADOR DE PALA | 1 | E |
| TOTAL | 17 | |

A Xunta de Goberno Local do concello celebrada o día 3 de abril de 2014 , previo trámite audiencia co Comité de Empresa, aprobou as bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello no ano 2014 . En dito acordo inclúese a contratación de persoal laboral temporal para o desenvolvemento de postos de traballo non incluídos na RPT financiados integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública.

Por todo isto, esta Alcaldía, convoca proceso selectivo para a selección de 12 peóns de obras públicas con arreglo as ditas Bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2013 e ás particulares que se conteñen na presente resolución, e no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**ACORDA**

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Primeiro.- Características dos contratos postos de traballo.-

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal de obra ou servizo determinado a tempo parcial para a prestación de servizos de titularidade municipal.

Duración do contrato: Seis (6) meses a contar desde a data da súa sinatura. Do 1 de xullo ao 31 de decemebro de 2014.

Retribución bruta mensual: 502, 15 euros. Da dita retribución descontaranse as retencións que procedan polo IRPF do traballador /a así como a cota obreira a satisfacer polo mesmo/a á Seguridade Social, dando lugar á retribución neta a percibir mensualmente.

Tipo de xornada: 25 horas semanais, poidendo desenvolverse en xornada de mañá ou de tarde en función de catagoría profesional de que se trate.

**Segundo.- Requisitos dos/as aspirantes.-**

De conformidade co establecido no artigo 11 das Bases os requisitos que deberán posuír os traballadores/as que se contraten tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social serán os seguintes:

A) Requisitos comúns a todas as categorías:

1) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.
2) Non percibir ningún tipo de prestación ou ser perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mónimos de subsistencia (RISGA; RAI ou PREPARA).

**B) Requisitos específicos:**

1) **Peóns de obras públicas; peón canteiro e axudante de fontaneiro:** Estar en posesión do curso básico de prevención de riscos laborais.
2) **Condutor Operador de Pala:** Estar en posesión do carné de conducir C1 e estar en posesión do curso básico de prevención de riscos laborais.

**Terceiro.- Procedemento de selección.-**

3.1. **Publicidade.-** O procedemento de selección se inicia coa presente Resolución da Alcaldía, da que se lle entregará copia ao Comité de Empresa.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tlnos.: 986 554 021
986 554 082
986 554 102
Fax: 986 554 069

Paralelamente o concello tramitará a través do seu Servizo de Orientación Laboral co Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.

En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá anunciar tal circunstancia a través da súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

**3.2 Criterios de baremación.-** Á puntuación máxima alcanzable polos candidadatos será de 30,00 puntos trala aplicación pola comisión de selección do seguinte baremo de méritos consonte o disposto no artigo 11.5 das Bases:

a) Levar inscrito como demandante de emprego mais dun ano: De 0 a 6 puntos a razón de 0,10 puntos por mes a partir do 13° mes como demandante.
b) Non ter sido contratado polo Concello no ano 2014: 6 puntos.
c) Nivel de renda máis baixa: De 0 a 2 puntos.
d) Cargas familiares: De 0 a 6 puntos, a razón de 2 puntos por cónxuxe e 2 por cada fillo menor de 26 anos.
e) Minusvalía: 5 puntos.
f) Entrevista persoal: De 0 a 5 puntos.

Recibida no concello o listado de aspirantes citados polo Servizo Público de Emprego de Galicia se celebrará a entrevista persoal, curricular e regrada.

A entrevista será realizada por unha comisión de selección composta por cinco membros nomeada polo alcaldeOs aspirantes deberán presentarse a entrevistas cos seguintes documentos no seu poder, sendo excluído do proceso selectivo aquel que non os presente:

1) Citación para a entrevista
2) DNI
3) Vida laboral
4) Informe do Servizo Público de Emprego de Galicia sobre antigüidade como demandante de emprego.
5) Declaración xurada cos ingresos brutos durante o ano 2013 de unidade familiar á que pertenza o aspirante.
6) Fotocopia do Libro de Familia no que se reflictan as cargas familiares do candidato.
7) No seu caso, fotocopia compulsada da resolución do organismo competente recoñecenedo a minusvalía.

**3.4.Resolución.-** Trala celebración da entrevista e a baremación a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado. A

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arosua
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

resolución da alcaldía publicarase a través da páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".

**Quinto.- Comisión de selección.-**

O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección composta por cinco membros que terán que posuir a condición de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo do concello nomeada pola Alcaldía con antelación á data da entrevista aos candidatos.

Vilanova de Arousa a 16 de xuño de 2014.

O ALCALDE

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · ALCALDÍA ·

Gonzalo Durán Hermida

ANTE MIN.DOU FE
O SECRETARIO XERAL

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · SECRETARIA XERAL ·

Javier Bouzada Romero